



Benqueridas familias:

Remata outubro, comeza novembro e chega a festa do Samaín. A situación actual impídenos celebrar o noso tradicional concurso de cabazas nas mesmas condicións que en anos anteriores, pero igualmente vos propoñemos que talledes, xunto cos vosos/as fillos/as de Educación Infantil e Educación Primaria, unha caveira nunha cabaza. Non realizaremos a exposición física dos vosos traballos, pero si o faremos de modo virtual, a través do blog (xavedes.wordpress.com).

Como participar?

- Tomade dúas fotografías da cabaza tallada: unha da caveira a concurso e outra na que saia o alumno/a ou a familia participante xunto con ela.
- Enviade un correo electrónico coas dúas fotos á dirección edglestonnac@gmail.com. Incluíde o nome do/a alumno/a participante e o seu curso.
- A data límite para a recepción das vosas fotografías será o martes 3 de novembro.

Por outra banda, informámosvos que este curso solicitamos como días non lectivos o 2 de novembro de 2020 e o 3 de maio de 2021. Estamos á espera de recibir a confirmación por parte da Consellería de Educación.

Un saúdo
A Dirección